


Recursos estilísticos principais



Recursos estilísticos principais

FÓNICOS

Aliteración

Na noite andan núas as nanas que me acompañan.

Fonosimbolismo

Repetidos ronroneos percorren sen rubor a rúa. Enriba da torre, dorme o gato.

Onomatopea

Miau!

Paronomasia

Esperta o micho co peso dun paso mal dado.

MORFOSIN-TÁCTICOS

Anáfora

Subo todas as costas.
Subo sen saber a onde.

Hipérbato

De min tira do nordés o aire, pero non me vence.

Asíndeto e Polisíndeto

Cruzo. Viro para ambos os lados. Encóllome máis. Turro.
E mais sigo. E alanco. E pérdome sen remedio.

Enumeración

O meu norte son os sinos, os arrecendos, o frío, cada poza.

Paralelismo

Non hai sinais no corpo que me paren.
Nin teño chamadas no peto que me reclamen.

SEMÁNTICOS

Comparación

Unha néboa como plástico inflado borra toda pegada.

Metáfora

Pero séntense ben as pingas dos latexos.

Hipérbole

Todas as queixas da vida nun suspiro.

Personificación

Pretiño, adivíñase o bruar dun mar desacougado.

Antítese

Estrondo e silencio da man.